



## CONCELLO DE BEGONTE

### **BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 3 TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORES DE RISGA, AXUDA CONCEDIDA PARA A CONTRATACIÓN POLA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.**

#### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da convocatoria a contratación con carácter temporal, en réxime de dereito laboral e á xornada parcial do 75 por 100, de 3 traballadores desempregados en situación ou risco de exclusión social perceptores de RISGA , para os seguintes postos de traballo:

POSTOS	OBRA/SERVIZO	DURACIÓN	XORNADA
3 Peóns de obras	Mantemento De Zonas E Espazos Públicos E Reparación De Vías	7 Meses	75%

O sistema de selección dos traballadores levarase a cabo da forma prevista no artigo 12 da devandita Orde do 12 de decembro de 2017 (DOG N°9 de 12/01/2017), polo que se formulará a correspondente oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia específica do Programa de contratación de beneficiarios /as da Risga. Non se requirirá polo tanto a presentación de instancias.

O concello dará publicidade á convocatoria e ás bases de selección mediante o correspondente anuncio no Taboleiro municipal de edictos e na súa páxina web. (<http://www.concellodebegonte.es>).

#### **1.1. FUNCÍONS.**

Desempeñarán as funcións propias da súa categoría e grupo profesional adscritos á Brigada municipal de Obras e Servizos, e desenvolverán as súas tarefas no ámbito do mantemento de zonas e espazos públicos e de reparación de vías.

#### **2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos no momento de realización do proceso de selección :

- Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea, nos termos do disposto no Estatuto Básico do Empregado Público. (Lei 7/2007, de 12 de abril).
- Ter a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder , no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por





## CONCELLO DE BEGONTE

limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.

- f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.
- g) Figurar na listaxe de candidatos remitidos pola Oficina de Emprego correspondente.
- h) Ser perceptores do RISGA e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.
- i) Os aspirantes que non teñan nacionalidade española e poidan participar nesta convocatoria, deberán, igualmente, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

### 3. DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE:

- a) Fotocopia compulsada do D.N.I.
- b) Tarxeta demandante de emprego
- c) Documentación que acredite os méritos alegados, para a súa valoración.

Os méritos non acreditados documentalmente non serán valorados.

A documentación deberá achegarse o mesmo día da selección, o día 26 de setembro de 2018, ás 9.00 h, nas oficinas municipais, e en todo caso con carácter previo á realización no seu caso da correspondente proba.

### 3.1 FORMA DE ACREDITACIÓN DOS MÉRITOS.

- Experiencia Profesional: Informe de Vida Laboral e Copia Compulsada dos Contratos de Traballo relacionados co cometido funcional o que se aspira, completado, si é posible, co certificado descritivo das tarefas desenvolvidas.

## 4.- TRIBUNAL E DESENVOLVEMENTO DA SELECCIÓN.

### 4.1.- Tribunal de Selección:

O Tribunal de Selección estará integrada polos seguintes membros: 1 Presidente, 1 Secretario e 3 Vogais todos eles funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo dunha Administración Pública, por cada titular designarase un suplente, ademais dun 1 Representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria, 1 Representante do equipo de inclusión sociolaboral dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario, e ademais deberá contar polo menos coa metade dos seus membros.





## CONCELLO DE BEGONTE

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, serán resoltos polo Tribunal, por maioría.

### **4.2. Desenvolvemento do Proceso de Selección**

O sistema de selección dos traballadores será o de concurso-oposición. Na fase de **concurso** valorarase a experiencia profesional. Complementarase cunha entrevista previa dirixida a apreciar as actitudes dos aspirantes para o mellor desempeño do posto de traballo.

A fase da **oposición**, consistirá na realización dunha proba práctica a escoller polo Tribunal e relacionada coas labores ou tarefas a desenvolver.

#### **Fase de concurso:**

- As entrevistas terán lugar na Casa da Cultura de Begonte ás dez horas (10h00) do día 26 de setembro 2018. Pola presente, quedan citados os aspirantes para que comparezan no lugar, data e hora sinalados.

#### **I.- EXPERIENCIA PROFESIONAL: máximo 2,00 puntos.**

- A) Servizos prestados como traballador/a nunha Administración Pública, en posto de traballo da mesma categoría e cometido funcional ao que se aspira: 0,25 puntos/mes completo ata un máximo de 2,00 puntos.
- B) Servizos prestados como traballador/a na empresa privada en posto de traballo da mesma categoría e cometido funcional ao que se aspira: 0,10 puntos/ mes, ata un máximo de 2,00 puntos.

#### **II.- ENTREVISTA: máximo 2, 00 puntos.**

A entrevista terá carácter previo e irá dirixida a apreciar a adecuación entre os méritos alegados polos aspirantes e o perfil do posto de traballo. Constará dun grupo de preguntas que obrigatoriamente se lle farán a tódolos aspirantes.

A valoración dos méritos e a realización da entrevista dos aspirantes será por orden de presentación de instancias no rexistro do Concello.

#### **Fase de Oposición:**

- A celebración da proba práctica, terá lugar a continuación da fase de concurso, estando prevista para as 11,00 h. dese día 26 de setembro de 2018, no lugar que se estableza polo Tribunal e do cal se dará conta coa debida antelación aos aspirantes.

A proba práctica a desenvolver polos aspirantes aos postos de traballo de peóns de obras valorarase ata un máximo de 6,00 puntos.

En caso de empate na puntuación, a orde de prelación é a seguinte: experiencia profesional, antigüidade como inscrito no Servizo Público de Emprego como demandante non ocupadas, antigüidade como perceptora da Risga e a entrevista.





## CONCELLO DE BEGONTE

### **5.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.**

A Comisión de Selección, realizadas as valoracións oportunas dos méritos e a entrevista, e coa puntuación obtida na proba práctica, formulará a proposta de contratación, sen que esta poida superar o número de postos convocados.

A proposta de contratación notificarase ao/aos aspirante/es seleccionado/os e publicarase no taboleiro de anuncios da Corporación.

Concederase un prazo de 2 días hábiles, a contar desde a publicación para a presentación de reclamacións.

### **6.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

Os aspirantes propostos para ser contratados, dentro do prazo de tres días naturais, a contar dende o seguinte ó da publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos do concello, deberá presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria previstos na base 3ª.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do D.N.I. agás que se presentara na solicitude de participación no proceso selección.
- b) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa lexislación vixente.
- c) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.
- d) Fotocopia da tarxeta da seguridade social e certificación do número de conta bancaria.

### **7.- RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

Constatado mediante a documentación sinalada no apartado anterior, que os aspirantes propostos reúnen os requisitos esixidos para o contrato, o Sr. Alcalde-Presidente resolverá a favor dos aspirantes propostos e formalizará cos seleccionados o correspondente contrato laboral temporal a tempo parcial, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable e nomeadamente o sinalado na Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 12 de decembro de 2017 (DOG nº 9, de 12 de xaneiro de 2018).

### **8.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

No non sinalado nas presentes bases de selección serán de aplicación as seguintes disposicións :

- Orde 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social





## CONCELLO DE BEGONTE

perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2017. (DOG nº 9, de 12 de xaneiro de 2018).

- Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### **9.- RÉXIME DE RECURSOS .-**

A presente convocatoria e cantos actos administrativos que dela se deriven, así como das actuacións do Tribunal de selección, poderán ser impugnados polos/as interesados/as, nos casos e no xeito previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na vixente lexislación da xurisdición contencioso administrativa. (Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso - administrativa).

Begonte, a 18 de setembro de 2018.

O Alcalde,

Asdo. José Ulla Rocha.

